

BASES DA PROMOCIÓN “Promoción Pre-compra S20”

1. DEFINICIÓNS:

Promoción: significa a promoción “Promoción Pre-compra S20” organizada por SAMSUNG ELECTRONICS IBERIA, S.A., Sociedad Unipersonal (en adiante, “**Samsung**”), baixo os termos e as condicións descritos nestas Bases, en relación cos Produtos.

Produto: significa os modelos de Smartphone da marca Samsung, Galaxy S20 Ultra 5G (SM-G988BZKDEUB, SM-G988BZADEUB e SM-G988BZAGEUB) ou Galaxy S20+ 5G (SM-G986BZKDEUB, SM-G986BZADEUB e SM-G986BLBDEUB).

Territorio: significa o ámbito territorial da Promoción, que será o territorio español.

Tendas Adheridas á Promoción: significa todos os puntos onde se poidan precomprar os Produtos, tal e como se establece no listado publicado na Páxina Web da Promoción (segundo este termo será definido máis adiante). A efectos informativos, non todos os modelos dos Produtos se comercializarán en todas as tendas Adheridas á Promoción, dependendo da dispoñibilidade de cada unha delas.

Aplicación: significa a aplicación Samsung Members dende a que é necesario rexistrarse para poder participar na Promoción.

Páxina Web da Promoción: significa a web dispoñible para esta Promoción no seguinte enderezo de Internet: <https://www.samsung.com/es/offer/precompraS20>.

Atención ao Cliente: significa o enderezo de correo electrónico para prestar o servizo de atención ao cliente en promoprecompraS20@atento.es.

2. ORGANIZADOR

A organización da presente Promoción corre a cargo de Samsung, con N.I.F.: A-59308114 e domicilio social en Parque Empresarial Omega, Edificio C, Avenida de la Transición Española número 32, 28108, Alcobendas, Madrid.

3. OBXECTO DA PROMOCIÓN

O obxecto da Promoción é unha acción publicitaria denominada “Promoción Pre-compra S20” coa que se quere promocionar os Produtos.

4. PERIODO DE VIXENCIA

O Período de Vixencia da Promoción, durante o cal poderase realizar a precompra do Produto que da dereito a participar na Promoción que comeza o 12 de febreiro de 2020 e finaliza o 8 de marzo de 2020, ambos inclusive.

O período para rexistrarse na Aplicación, conforme se indica no Apartado 6 destas Bases, e obter o Regalo que comeza o 12 de febreiro de 2020 e finaliza o 20 de marzo de 2020 (ambos os dous inclusive).

5. REGALO

Os participantes que precompren, de conformidade con estas Bases, nunha das Tendras Adheridas á Promoción e durante o Período de Vixencia da Promoción, un Produto e cumplan con todas as formalidades que se indican a continuación, recibirán un set de auriculares Samsung Galaxy Buds+ de cor branco (SM-R175NZWAEU2).

Os participantes deben cumprir as condicións de participación e a mecánica establecidas nestas Bases.

O Regalo non será susceptible de cambio, alteración ou compensación a petición do gañador. Se o participante rexeita o Regalo, non se lle ofrecerá ningún outro alternativo. O Regalo é persoal e intransferible, sen posibilidade de revenda.

6. MECÁNICA DA PROMOCIÓN

O participante deberá precomprar o Produto nunha das Tendras Adheridas á Promoción, durante o Período de Vixencia da Promoción, cumprindo con resto de condicións establecidas nestas Bases. Unha vez que o participante reciba o Produto no seu enderezo, o participante deberá crear unha Samsung Account (se non dispón dunha), acceder á Aplicación, pinchar na sección de “Ventajas” da Aplicación e pinchar no banner da Promoción. Ao facer clic no banner da Promoción, abrirase un formulario de rexistro. O participante deberá proporcionar todos os datos que se esixen a ese respecto, en particular, nome, apelidos, data de nacemento, enderezo de correo electrónico, teléfono, IMEI, data de compra do terminal, modelo do terminal, establecemento de compra, modelo do terminal antigo, enderezo completo de envío (provincia, cidade e código postal), imaxe lexible da factura de compra, *ticket* de compra ou albarán de entrega do Produto e captura ou fotografía lexible da pantalla do Produto co número IMEI do Produto, que móstrase na pantalla ao introducir a combinación *#06#; e remitir ou subir todo de forma online xunto co formulario (todo isto no formato indicado no formulario de rexistro da Promoción).

Exemplo para a captura de pantalla do número IMEI:



Tras completar e remitir o formulario, despregarase unha pantalla de confirmación. Adicionalmente, o participante recibirá un correo electrónico de confirmación de rexistro, pendente da súa posterior validación.

Tras comprobar que se cumpren os requisitos establecidos nestas Bases, comunicarase aos participantes mediante correo electrónico o enderezo facilitado no formulario de rexistro se teñen ou non dereito ao Regalo. No caso de que Samsung detecte con carácter posterior ao envío do citado correo electrónico algunha anomalía na validación da participación ou da devolución do Produto, o participante perderá o dereito ao Regalo e non poderá reclamalo.

Unha vez se lle comunique o seu dereito ao Regalo, o participante recibirá o Regalo no enderezo de correo postal situado no Territorio da Promoción que indicou no formulario de rexistro.

Samsung rexeitará calquera solicitude de participación que non cumpra co procedemento de rexistro ou coas condicións de participación establecidas nas presentes Bases. As solicitudes incompletas, incorrectamente cumprimentadas, con erros, enviadas de xeito erróneo, que se pretendan rectificar fóra dos supostos de subsanación anteriores, sen cumprir os requisitos establecidos ou despois dos prazos establecidos nestas Bases, consideraranse nulas.

A participación na Promoción é gratuíta. Para obter o Regalo non é necesario realizar ningunha compra adicional.

O Regalo obxecto da presente Promoción queda suxeito a estas Bases. O Regalo non será susceptible de cambio, alteración ou compensación á petición dos participantes na Promoción. Se un participante rexeita o Regalo, non se lle ofrecerá ningún regalo alternativo.

Sen limitar en ningunha medida os dereitos recoñecidos aos consumidores polas disposición que resulten aplicables, Samsung non é responsable da perda ou demora por calquera interrupción, falta temporal de dispoñibilidade ou de continuidade de funcionamento, problema na transmisión, perda de información, fraude, problema na rede, problema de funcionamento de Software, fallo de acceso, de comunicación ou de resposta ou alteración da Promoción por problemas técnicos ou de outra natureza que escapen ao seu control.

7. CONDICIÓN DA PARTICIPACIÓN

Só poderán participar na Promoción consumidores maiores de 18 anos e residentes no Territorio.

A posibilidade de participar é persoal para o adquirente do Produto e intransferible.

A Promoción no é acumulable con outras promocións organizadas por Samsung en relación co mesmo Produto. En consecuencia, se o participante desfrutou de calquera outra promoción en relación co Produto, cancelarse a súa participación e non poderá desfrutar do Regalo.

No caso de devolución do Produto, o participante perderá o seu dereito ao Regalo e deberá reintegrar o Regalo ou, en caso de non poder devolvelo a Samsung, o importe do Regalo.

A Promoción está limitada a unha participación por persoa que se poderá comprobar a través de documentos oficiais (D.N.I., pasaporte, carné de conducir, etc.), e por Produto (identificado mediante IMEI).

Non poderán participar na Promoción as persoas que interviñeran na súa organización, nin os empregados de Samsung, de calquera das súas filiais, de calquera sociedade que teña participación en Samsung ou de calquera sociedade vinculada a Samsung, das axencias publicitarias organizadoras da Promoción, nin os seus familiares, ascendentes, descendentes, cónxuxes ou parellas de feito.

O incumprimento por calquera participante das condicións establecidas nas Bases suporá a anulación automática de dita participación. Do mesmo xeito, calquera indicación falsa ou indicios de identidade ou enderezo falso ou fraude, ocasionará a descualificación inmediata do participante e, no seu caso, a imposibilidade de desfrutar do Regalo descrito no Apartado 5 das presentes Bases.

A aceptación expresa destas Bases é condición necesaria para poder participar na Promoción e para desfrutar do Regalo. Considerarase que o participante aceptou as Bases ao rexistrarse de conformidade con Apartado 6 anterior.

8. ASISTENCIA AO USUARIO

No caso de producirse calquera incidencia na Promoción, o participante pode dirixirse a Atención ao Cliente.

9. PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos de carácter persoal recollidos no marco da Promoción serán tratados por Samsung de conformidade co disposto na Política de Privacidade de Samsung localizada en <http://images.samsung.com/is/content/samsung/p5/es/docs/politica-de-privacidad-de-promociones-de-samsung.pdf>.

10. BASES

As Bases estarán depositadas ante o Notario do Ilustre Colegio de Notarios de Madrid, don Juan Kutz Azketa e están así mesmo dispoñibles na Aplicación, nas Tendras Adheridas á Promoción e na Páxina Web da Promoción.